

Queridos amigos e amigas.

Agradezo a vosa presenza na presentación dun libro moi especial para min, editado por un poeta amigo. Libro que é máis especial aínda co limiar de Luz Pozo Garza, unha poeta tan nova. Só por ese limiar mereceu a pena os sete anos de escrita, como unha longa e lenta aprendizaxe do ser.

Se me desnudei nos meus poemas, máis desnudado aínda fiquei coas palabras cálidas e xenerosas de Luz Pozo.

Quizais todos os poemas que un poeta escribe son poemas de amor no fondo, nese mostrarse, mostrar o propio sentir, o propio corpo como materia poética. E sobre de todo, mostrar o poemario como lugar de nudez do sentir, como territorio do amor.

Convivimos habitualmente con palabras como a espera, a desposesión, o desexo, o tempo que, cando somos do amor, teñen outra lectura, outros contidos, e abrímonos nelas a sensacións iñoradas. Outro somos, mesmo na memoria do corpo que recorda o amor.

Quizais porque cando amamos ofrecémonos non como somos, senón como nos soñamos. Porque quizais amamos coa memoria do amor e somos a memoria dos seres que amamos e polos que ás veces fomos amados.

En cada caricia está despositada a memoria de todas as acaricias que deron as nosas mans ou as que recibeu o noso corpo.

Amar é coñecemento, é comunicación, é comunión dos corpos, é a construción dun tempo á busca dalgunha certeza dentro da atemporalidade

Querendo posuír somos da desposesión, porque o corpo da amada parte como auga entre os dedos e convértese no soño dun soño.

Amando quizais deixamos de ser para ao mesmo tempo nacer noutro ser que nos leva por camiños de noso que non coñecíamos.

Felicidade e infelicidade son palabras coas que tentamos apreixar unha realidade que se fai sen nós saber: realidade poética.

Amando somos seres en tránsito perpetuo a outro ser. No instante da espera infinita pode ser a felicidade e infinita a infelicidade.

Cando amamos pensámonos tan alto capaces de apreixar a eternidade nunha soia ollada o tan pouco que non soportamos o peso dunha lágrima do máis leve soño.

A tensión entre a palabra poética e a emoción dictoume estes versos. Escrebín como quen grava na néboa pequenas luzeciñas para me guiar por elas.

Entrégovos non o poemario dos vinte anos senón as pulsión dalgúen no centro de gravidade do vivir.

Estes fragmentos do meu ser nos que poder conxurar o vértigo, con que poder camiñar sobre as augas, con algunhas reflexións para non nos afundir no mar sen fondo do amor. Mais son poemas con algunha reflexión sobre o propio feito de amar,

a desposesión, a espera sen desesperanza; de cómo mantemos intacta a nosa capacidade de soñar no espacio do amor que é ao mesmo tempo a paisaxe da espera por onde transitar; de cómo cando a amada nos corresponde multiplícanos, dános azas, lánzanos ao alto a voar ceos inacesíveis, de cómo podemos chegar a ollarmos através dos ollos dela, a sentir através do corpo dela nesa comunión dos corpos.

Pouco máis podo dizer senón ler estes poemas.